



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000014

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día vinte de abril de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 201 de data 19 de abril/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 13. 04.23 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 13.04.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á mesma).

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/11.-

Informase á Xunta de Goberno Local, das facturas da relación 11 de 2023, do informe de intervención desfavorable nº 12/2022 (EMP 41/2023) con reparo suspensivo, levantado pola alcaldía mediante decreto 195/2023 e posterior proposta de Alcaldía que se reproduce:

- PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/11.

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/11 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 9 facturas ascende á cantidade de NOVENTA E OITO MIL TRESCENTOS DEZASEIS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (98.316,38 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/11 por importe bruto de 98.316,38 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

3º.-APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA: “ABASTECIMIENTO EN OUTEIRO E OUTRO”.-

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA:

“Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 1 “*Abastecemento en outeiro e outro*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 1 de marzo de 2023 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 02/03/2023. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria **Excavaciones Saavedra y López, S. L.** o día 2 de marzo de 2023 por importe de 34.802,54 euros.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 1 “*Abastecemento en outeiro e outro*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número A 2023016 de data 02/03/2023 con número de rexistro contable F/2023/501, emitida por **Excavaciones Saavedra y López, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 2 de marzo de 2023 por importe de 34.802,54 euros.

TERCEIRO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 correspondente a obra “*Abastecemento en Outeiro e outro*” deberán descontárselle 830,82 euros pola dirección e inspección de obra e 276,94 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

CUARTO.- Visto o oficio remitido polo Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Ferrol notificado en data 19/10/2022 segundo o rexistro de entrada nº 3271 polo que se comunica o embargo sobre os créditos da executada Excavaciones Saavedra e López, S. L. e considerando que polo momento non foi recibida comunicación de levantamento de embargo aínda que sí foi solicitado polo concello ao órgano xudicial se este embargo continúa vixente a cantidade da presente certificación debe ser retida e depositada no órgano xudicial ao abeiro dos artigos 1165 do código civil e 591 da Lei de enxuzamento civil.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández”.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/